

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Mestre e escritor

“A LINGUAXE AUDIOVISUAL NON DISTA DO POÉTICO, COMPLEMENTÁNSE”

LAURA FERNÁNDEZ. CELANOVA
laura.fernandez@laregion.net

PERFIL

Nome e apelidos

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Data e lugar de nacemento

Escudeiros (Ramirás), 1966

Dato

O escritor fomentará a canteira poética da bisbarra co obradoiro “Facer poesía en Celanova”


■ ■ ■ A Casa dos Poetas acollerá os sábados, dende o 1 de outubro ata o 12 de novembro, un obradoiro de creación literaria organizado pola Escola de Escritores da Asociación de Escritores en Lingua Galega. O responsábel de “Facer poesía en Celanova”, Xoán Carlos Domínguez Alberte, fala desta interesante oportunidade de achegarse a poesía e fomentar a creatividade para maiores de 16 anos.

Como xurdiu este obradoiro?

Cada ano a Escola de Escritores da AELG organiza un obradoiro e este ano propuxéronme a min facelo no territorio do ámbito ourensano, e que mellor que Celanova e sobre poesía, por sermos unha área singular no occidente peninsular en literatura. É certo que si o fixésemos na capital, en Ourense, habería máis afluencia, pero o valor engadido é ese, facelo nun sitio singular onde o propio patrimonio provoca a creación e a creatividade, inspira. O imos facer na casa natal de Curros Enríquez e unha sesión será na celda onde estivo encarcerado Celso Emilio Ferreiro e onde saíu ese poema que é emblema do franquismo, “Longa noite de pedra”.

Cal vai ser a dinámica das sesións?

Este é un obradoiro dirixido a un público diverso, o enfoque vai ser eminentemente práctico para que o alumnado se achegue a literatura a través de tres obxectivos: a poesía, o patrimonio e os poetas e poéticas. Cada sesión partirá dunha breve abordase da vertente creativa escollida en cada un dos autores e, de seguido, os participantes explorarán a propia creación poética, en consonancia cos modelos propostos. Traballaremos a vertente popular de Curros, a identidade e



O autor de Escudeiros, Xoán Carlos Domínguez, é o responsábel do obradoiro.

estirpe de Méndez Ferrín, a elegía e memoria de Paulino Vázquez, a solidariedade humana de Celso Emilio, a caligrafía do íntimo contando con Baldo Ramos como autor convidado, e a bisbarra creativa-aquela que nuclea Celanova dende Lobios ata Cortegada- con textos de Henrique Feixó, Lois Antón, Suso Díaz e eu mesmo. Na derradeira sesión presentaremos un ‘Cartafol poético’ coas obras que se foron creando ao longo da sesión.

Foi difícil seleccionar entre tantos autores?

Foi ilusionante, un reto. Así como neste obradoiro se tocan con estes autores estas liñas creativas, poderíanse escoller outros autores e outras facetas destes mesmos autores. E achegar a poesía e amosar a inmensa diversidade que hai de propostas. Estamos nun dos territorios cuantitativa e cualitativamente máis ricos de todo o occidente peninsular no ámbito literario, e especialmente no poético.

Celanova sigue a ser cunha de poetas ou as novas xeracións canalizan a inspiración no audiovisual?

As tecnoloxías da comunicación non son un contratempo para a creativi-

AS FRASES

- ✓ “A elección destes autores foi ilusionante, un reto”
- ✓ “Estamos nun dos territorios máis ricos do noroeste peninsular no ámbito literario”
- ✓ “O obradoiro vai ser práctico”

dade, ao contrario, hai que aproveitarse delas. Con respecto a imaxe e o audiovisual, complementanse moi ben coa imaxe poética, non son linguaxes tan distantes. E logo, por outra banda, está habendo voces novas de creadores novos, que están agromando no noso territorio. Aínda non fai moito presentouse un libro dun rapaz novo na Casa dos Poetas, Alexandre Corbillón.

Que tipo de público asiste aos obradoiros?

É impredecible pero soe ser xente que ten unha predisposición á literatura, porque lle gusta ler e escribir, pero non se atreve. Estes obradoiros son moi interesantes para achegar a un xénero, uns autores e para animar a quenes xa teñen unha predisposición, a que se solten a escribir. ■